

**ASOCIACIÓN DE PAIS/NAIS
“A BRAÑA”
CEIP CANOSA-RUS**

Queridas familias:

Queríamos informarvos de que dende o día **30 de novembro ata o 11 de Decembro**, levaremos a cabo a recollida de xoguetes solidarios, en colaboración co colexio. Aqueles que desexedes participar, debedes envolver en papel de regalo, un xoguete usado en perfecto estado, que os vosos fill@s doen (que xa non usen, ou simplemente queiran doalo) para aqueles nen@s que non teñen a sorte de ter tanto coma eles. Acordádevos de poñer nunha pegatina por fora, que xoguete é, e a que idade vai dirixir. Os xoguetes entregaranse na Asociación Mirabal de mulleres maltratadas. Esta asociación leva casos de violencia de xénero en 16 Concellos da provincia da Coruña.

MOI IMPORTANTE:

* **Os xoguetes deben traelos os nen@s e deixalos nas caixas que se habilitarán nas entradas correspondentes de cada patio.**

* **A pegatina que se poña fora ten que poñer moi claro que xoguete é e para que idade está dirixido, xa que na asociación non abrirán os xoguetes, serán directamente entregados ás nais que o necesiten para que poidan levar un pouquiño da maxia do Nadal a eses fill@s que viven situacións tan complicadas.**

Gracias á xenerosidade dos vos@s fill@s, estes nen@s poderán ter agasallos este Nadal, dado que segundo nos comentan na Asociación Mirabal, pola falta de fondos sería imposible. Tamén queremos facervos chegar o agradecemento, da directiva de Mirabal, pola vosa solidariedade.

Erbecedo, 27 de novembro de 2020

Un saúdo,
A ANPA